

RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 25 DE XANEIRO 2008

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión extraordinaria do Consello de Goberno presidida polo Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**. Xustifican a súa ausencia os Sres. Cao Abad, Carril Vázquez, Delgado Martín, Pena Agras, Rodríguez Fernández e Teijeiro Vidal.

1. Premios extraordinarios de Diplomado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico, Licenciado, Arquitecto e Enxeñeiro.

Toma a palabra a Sra. Vicerreitora de Organización Académica, quen explícalles aos membros do Consello de Goberno a proposta para adxudicar os premios extraordinarios de diplomatura, arquitectura técnica, enxeñeiría técnica, licenciatura, arquitectura e enxeñeiría correspondentes ao curso académico 2006/2007, que figura no **ANEXO II**.

Despois da súa intervención e sen rexistrarse ningunha outra intervención, apróbase a proposta en cuestión tal e como figura no citado **ANEXO**.

2. Recoñecemento investigador honorífico

Toma a palabra a Sra. Vicerreitora de Investigación para darlles conta aos membros do Consello de Goberno que, a petición da Profesora Esperanza Cerdan, o vindeiro luns día 28 de xaneiro, aproveitando a festividade de San Tomé de Aquino, farase entrega dos distintivos de recoñecemento investigador *in memoriam* á doutoranda Dna. Raquel Castro Prego, alumna do terceiro ciclo da nosa universidade que tiña iniciado os trámites administrativos para a lectura e defensa da súa tese de doutoramento, que non puido nin ler nin defender por ter finado antes.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:20 horas.